

JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:

Que recentemente saíron publicadas as seguintes convocatorias de axudas da Consellería de Traballo e Benestar:

- Incentivos para promover a afiliación á Seguridade Social das persoas cotitulares ou titulares de explotacións agrarias. Prazo de solicitude aberto ata o 30/09/2011. (+ info.: DOGA do 28/03/2011 ,Orde do 17/03/2011).
- Bases do programa das iniciativas emprendedoras e de emprego (I+E+E) programa destinado a xerar emprego estable, especialmente de mozos e mulleres, apoiando o desenvolvemento de novas iniciativas empresariais promovidas por persoas desempregadas e as promovidas e/ou que xeren emprego para demandantes que esgotaron a prestación por desemprego. Os beneficiarios deste programa son empresas privadas calquera que sexa a forma xurídica que adopten, agás as persoas físicas, sociedades civís, comunidades de bens, sociedades cooperativas e sociedades laborais. (+ info.: DOGA do 28/03/2011 ,Orde 17 de marzo de 2011). Prazo xeral de presentación de solicitudes aberto ata o 30/09/2011; hai que ter en conta prazos específicos dependendo do tipo de axuda.
- Axudas para a promoción do emprego autónomo, programa destinado a promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que desenvolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia, así como apoiar a consolidación dos seus proxectos empresariais mediante o fomento da contratación indefinida. (+ info.: DOGA do 25/03/2011 ,Orde do 17/03/2011). Prazo de presentación de solicitudes un mes desde a data de solicitude de alta na Seguridade Social e en todo caso, o 30 de setembro de 2011, aínda que non transcorrera un mes desde a dita alta.

Outeiro de Rei, 8 de abril de 2011
O alcalde,